

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Orde do 26 de xuño de 2003 pola que se exerce a opción de amortización anticipada da emisión de débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de 33.000 millóns de pesetas (198.333.994,39 euros), regulada por orde da Consellería de Economía e Facenda do 9 de novembro de 1993.

Con data 24 de novembro de 1993 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería de Economía e Facenda do 9 de novembro de 1993 pola que se determinaban as condicións da emisión de obrigacións da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe de 33.000 millóns de pesetas.

Esta emisión foi redenominada a euros con data 4 de xaneiro de 1999 e por un valor de 198.333.994,39 euros, de acordo co procedemento establecido na Orde do 23 de novembro de 1998 e o Decreto 367/1998, do 23 de decembro, polo que se acorda a redenominação a euros da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia rexistrada na central de anotacións do Banco de España e se establece o procedemento para levala a cabo.

No artigo 2 da mencionada Orde do 9 de novembro de 1993 fixébanse as características específicas da operación, en concreto, regulábase a data de emisión a 30 de novembro de 1993 e como data de amortización final á par o 30 de novembro do 2008. Así mesmo, contemplábase a opción de amortización anticipada á par, a 30 de novembro de 2003, tanto para o tedor como para o emisor. O exercicio do dereito por parte do emisor esixiría a comunicación fidedigna ó axente da emisión con seis meses de antelación.

De acordo co establecido anteriormente, con data 7 de maio de 2003, a Xunta de Galicia cumpríu, o requisito esixible de comunicación fidedigna ó axente da emisión da decisión de amortizar anticipadamente.

Tendo en conta o artigo 37.3º, do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que lle permite ó conselleiro de Economía e Facenda proceder de acordo coas condicións da emisión ou da contracción, ou de mutuo acordo cos acredores, ó reembolso anticipado total ou parcial da débeda pública ou dos préstamos concertados ou á modificación dalgunha das súas condicións cando a situación do mercado ou outras circunstancias así o aconsellen.

Por todo isto, na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo único.-De acordo con todo o anterior, procédese a lle dar publicidade á decisión da Comunidade Autónoma de Galicia de exercer, con data 30 de novembro de 2003, a opción de amortizar anticipadamente, á par, a totalidade das obrigacións

emitidas o 30 de novembro de 1993, por un total de 198.333.994,39 euros (33.000 millóns de pesetas).

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2003.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 17 de xuño de 2003 pola que se convocan axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en proxectos de mobilidade transnacional no marco do programa europeo de formación profesional Leonardo da Vinci II durante o ano 2003.

O Tratado de Maastricht nos seus artigos 126 e 127 establece un marco xurídico para propor accións de cooperación no ámbito da educación, especialmente no eido escolar. No novo contexto do mercado único, a educación debe prepara-los mozos para exercer as súas responsabilidades nun espazo económico e social cada vez máis amplo. A mellora de habilidades lingüísticas e o coñecemento das culturas doutros países son factores fundamentais para permitir que os mozos desenvolvan plenamente tódalas súas potencialidades na súa vida activa como cidadáns europeos.

Mesmo como se establece no libro branco sobre a educación e a formación, publicado pola Comisión Europea, entre os numerosos e complexos cambios que afectan á sociedade europea, existen tres tendencias: a globalización dos intercambios, a chegada da sociedade da información e a aceleración da revolución científica e técnica. A educación e a formación poden responder a estes desafíos fomentando o desenvolvemento da cultura xeral e un enfoque máis flexible na adquisición de coñecementos, que deben estar baseados en estímulo da mobilidade de ensinantes e alumnos, dado que hoxe en día as mercadorías, capitais e servicios están circulando máis libremente en Europa que as persoas.

Un dos eixes máis importantes da construción europea está baseado na libre circulación de persoas e coñecementos. Para facer realidade este proceso é importante o intercambio de experiencias tanto entre centros escolares como no marco das relacións escola-empresa, por medio de estadias formativas en empresas ou institucións, que permita a visión dun mercado global. A calidade da educación tamén inclúe a dimensión europea da formación, que permitirá ás alumnas e alumnos exercer plenamente o papel de cidadáns da Unión Europea.

Todo isto aconsella apoiar as iniciativas xurdidas para desenvolver a colaboración con outros países europeos, polo que, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPÕÑO:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

1. Convocar axudas económicas destinadas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidos con fondos públicos, de niveis non universitarios, que participen en proxectos de mobilidade transnacional do programa Leonardo da Vinci aprobados para o ano 2003, coa finalidade de sufragar gastos orixinados polas viaxes e estadías de alumnos e profesores.

2. As axudas concederanse con cargo á partida orzamentaria 07.04.322T.481.0 por un importe total máximo de 64.680 euros.

3. As axudas económicas que se obteñan a través desta convocatoria servirán para cubrir totalmente ou en parte a porcentaxe do orzamento que debe ser asumido polos alumnos e profesores como cofinanciamento do proxecto aprobado polo programa Leonardo da Vinci.

Artigo 2º.-Destinatarios e modalidades das axudas.

Os destinatarios das axudas serán alumnos e profesores de centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos, dos seguintes cursos e niveis educativos: ciclos formativos de grao medio ou superior e bacharelatos LOXSE, así como alumnos e profesores de escolas oficiais de idiomas e escolas de arte que participen no programa Leonardo da Vinci da Unión Europea en colaboración con outras institucións educativas.

As actividades de intercambios e estadías de profesores e alumnos deberán estar aprobadas e financiadas en parte con fondos do programa Leonardo da Vinci.

Artigo 3º.-Criterios de adjudicación da subvención.

Terán prioridade os proxectos que se desenvolvan durante o ano 2003 e reúnan as seguintes características:

- a) Carácter innovador.
- b) Capacidade para a transferencia de resultados.
- c) Actuar como coordinador do proxecto.
- d) Características do colectivo destinatario.
- e) Ter involucrado un número elevado de institucións como colaboradoras do proxecto.

Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. Os alumnos e profesores interesados deberán presentar a súa solicitude a través dos centros docentes antes do 20 de setembro no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano s/n, ou nos lugares que determina o artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo do anexo desta publicación e irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Solicitude segundo anexo I desta orde.
- b) Unha copia do proxecto aprobado pola Axencia Leonardo da Vinci.
- c) Unha copia da comunicación oficial de aprobación do proxecto e da ficha financeira (anexo 4b do contrato), na que conste a cuantía concedida por ese organismo e a cantidade que se deberá achegar como cofinanciación.
- d) Certificación de ter ou non subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou ente público.

3. De acordo co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para aquelas solicitudes que non acheguen os requisitos anteriormente sinalados, requirirase o interesado para que nun prazo de dez días emende as faltas ou remita os documentos perceptivos; de non o facer, considerárase que desistiu da súa petición e arquivárase o expediente.

Artigo 5º.-Comisión de selección.

A valoración das solicitudes será realizada por unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

Presidenta: a directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ou persoa na que delegue.

Vocais: o xefe do Servizo de Formación do Profesorado, o xefe de Servizo de Ordenación e Innovación Educativa, a xefa do Servizo de Formación en Empresas e Orientación Laboral e un inspector educativo designado pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa ou persoas nas que deleguen.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Formación Profesional e Educación de Adultos.

A comisión seleccionará os proxectos tendo en conta os criterios establecidos no artigo 3º.

Artigo 6º.-Resolución e comunicación.

1. Valorados os proxectos, a comisión de selección elaborará a proposta de adjudicación das subvencións e elevaraa ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda.

2. A concesión ou denegación da axuda seralle notificada ós interesados a través do centro docente mediante escrito da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada

pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 78.5º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os centros docentes sostidos con fondos públicos considéranse entidades colaboradoras para a entrega e distribución das axudas concedidas ós beneficiarios, debendo someterse as obrigas recollidas no citado artigo.

As solicitudes entenderanse denegadas de non dicarse resolución expresa no prazo de seis meses contados desde a publicación desta orde.

Artigo 7º.-Prazo e forma de pagamento.

As axudas aboaranse unha vez rematada a actividade e logo da súa completa xustificación económica e entrega da memoria de actividades por parte da entidade colaboradora da xestión de axudas públicas, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, achegando a documentación a que fai referencia o número 2º do artigo 8, no prazo máximo dun mes contado a partir do remate das actividades. En todo caso, a xustificación e memoria deberá entregarse antes do 31 de decembro de 2003.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

a) Acepta-la axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de quince días contados a partir da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda os beneficiarios non aceptan esta, entenderase que renuncian á súa percepción.

b) Facilita-la información requirida pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

c) Xustifica-lo correcto investimento das axudas recibidas mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Memoria.

Os alumnos e profesores beneficiarios enviarán unha memoria das actividades realizadas. A memoria enviarase a través do centro e deberá incluí-los seguintes puntos:

a) Certificación do director do centro no que se faga consta-la empresa ou centro de acollida e as datas exactas de duración da estadía, o nome e número do DNI dos alumnos e/ou dos profesores participantes, indicando neste caso se é coordinador ou participante na estadía.

b) Resumo do desenvolvemento da actividade realizada.

c) Obxectivos conseguidos.

d) Procedemento de avaliación utilizado, resultados obtidos e difusión que se realizou deles.

2. Xustificación de gastos efectuados.

-Certificación do Consello Escolar do centro aprobatoria das contas na que figure a cantidade aportada pola Axencia Leonardo da Vinci e a cantidade cofi-

nanciada, xuntando nunha relación tódolos gastos efectuados. As facturas orixinais dos referidos gastos arquivaranse no centro docente para a súa custodia e para a posta á disposición, se é o caso, dos órganos de control que teñan atribuídas as funcións de comprobación e control da aplicación deses fondos.

-Certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

Artigo 9º.-Recoñecemento das actividades realizadas.

Ó abeiro do artigo 28 da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións, a participación en programas internacionais poderá te-los efectos correspondentes ás actividades de formación permanente, expedindo a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais as certificacións correspondentes, unha vez presentada a memoria, conforme as seguintes equivalencias:

1. Estadías formativas de profesores.

a) Estadías formativas ata 15 días de duración: 20 horas de formación.

b) Estadías formativas de 16 a 31 días de duración: 35 horas de formación.

2. Coordinador de estadías e intercambios: 40 horas de formación por ano.

Artigo 10º.-Modificación da resolución de concesión das axudas.

Os alumnos e profesores participantes no proxecto, así como os centros docentes ós que pertencen, quedan sometidos ás actuacións de comprobación e seguimento que realice a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e, se é o caso, a Inspección Educativa. Igualmente, queda sometida ás accións de control financeiro que poidan realiza-la Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e as que poidan efectuar a Comisión e o Tribunal de Contas da Unión Europea.

O importe das axudas concedidas ós alumnos e profesores en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver-lo beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 11º

A non xustificación da axuda percibida conforme o disposto nesta orde levará consigo o reintegro das cantidades non xustificadas de acordo co establecido

nos artigos 19 e 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para dic-

ta-las disposicións necesarias para desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2003.

Celso Currás Fernández
 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	FONDO SOCIAL EUROPEO	
---	---	--	---

PROCEDIMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA ALUMNOS E PROFESORES DE CENTROS PÚBLICOS DOCENTES QUE PARTICIPEN EN PROXECTOS DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL NO MARCO DO PROGRAMA EUROPEO LEONARDO DA VINCI	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED309H	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

<input type="checkbox"/> ESTADÍAS DE PROFESORES	<input type="checkbox"/> ESTADÍAS DE ALUMNOS
---	--

TÍTULO DO PROXECTO / ACTIVIDADE DE FORMACIÓN
--

DATOS DO CENTRO DOCENTE

CENTRO		CIF	
ENDEREZO			
TELÉFONO/S	TELEFAX	CONCELLO	PROVINCIA
FAMILIA PROFESIONAL		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME DO/A DIRECTOR/A		NÚMERO DE CONTRATO DO PROGRAMA LEONARDO DA VINCI	
NOME DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO		NOME DO PROFESOR NA ESTADÍA	
NÚMERO DE ALUMNOS	DATA DE INICIO E REMATE	CANTIDADE SOLICITADA	CURUS

CÓDIGO DA CONTA CORRENTE DO CENTRO

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO DE CONTA
----------	----------	------	-----------------

DATOS DO CENTRO/EMPRESA NO ESTRANXEIRO

CENTRO/EMPRESA		PAÍS	
ENDEREZO			
TELÉFONO	TELEFAX	NOME DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO	

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 17 de xuño de 2003 pola que se convocan axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en proxectos de mobilidade transnacional no marco do programa europeo de formación profesional Leonardo da Vinci II durante o ano 2003.</i>
SINATURA DO/A DIRECTOR/A _____ de _____ de 2003

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Orde do 18 de xuño de 2003 pola que se efectúa convocatoria pública de axudas ós estudantes universitarios que cursen os seus estudos nalgunha universidade do Sistema Universitario de Galicia, así como para aqueles estudantes universitarios que, tendo a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, cursen os seus estudos nalgunha universidade de fóra do Sistema Universitario de Galicia, interesados en solicita-los créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de 1º ciclo e 1º e 2º ciclo e prorroga-los concedidos na convocatoria anterior.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31 establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 1988), transferiulle á Comunidade Autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade Autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG nº 66, do 6 de abril).

A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG nº 156, do 16 de agosto), de ordenación do Sistema Universitario de Galicia, determina a constitución do Sistema Universitario de Galicia con tres universidades: Universidade da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, está a levar a cabo diversas accións de apoio económico ós estudantes de ensino universitario, coas que se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou un convenio de colaboración o día 13 de marzo de 2001 e unha addenda a este o día 12 de xuño de 2002, coas entidades financeiras: *Banco Pastor, Caixa de Aforros de Galicia, Caixanova, Banco Gallego, Banco Simeón e Banco Etcheverría*, para facilitarlles ós estudantes universitarios que realicen estudos en calquera universidade do Sistema Universitario de Galicia, así como, para os estudantes universitarios que teñan a residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e cursen os seus estudos nalgunha universidade de fóra do Sistema Universitario de Galicia, créditos

bancarios a baixos xuros para o financiamento dos seus estudos universitarios.

En virtude de todo o anterior, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

a) Convócanse axudas para os estudantes universitarios que cursen os seus estudos nalgunha universidade do Sistema Universitario de Galicia así como para aqueles estudantes universitarios que, tendo a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, cursen os seus estudos nalgunha universidade de fóra do Sistema Universitario de Galicia, que reúnan os requisitos e condicións establecidas nesta orde interesados en solicita-los créditos bancarios para financia-los seus estudos universitarios do primeiro ciclo e primeiro e segundo ciclo correspondentes ó curso 2003/2004.

b) Convócanse axudas para os estudantes universitarios galegos, descendentes de galegos ou residentes en Galicia interesados en solicita-la prórroga para o financiamento dos xuros do préstamo concedido en convocatorias anteriores.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará a parte correspondente dos créditos bancarios ou prórrogas deles con cargo á partida orzamentaria 07.05.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, cunha contía máxima de 16.383,38 euros, acadando unha contía global de 819.185,36 euros en axudas, de acordo co estipulado na addenda asinada o día 12 de xuño de 2002 coas entidades bancarias. A cantidade destinada a estas axudas poderá ser incrementada de acordo coas disponibilidades económicas da consellería.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

a) Poderán ser beneficiarios do préstamo subsidiado os seguintes estudantes universitarios que cumpran as condicións establecidas nesta convocatoria:

1. Os que cursen estudos nalgunha universidade do Sistema Universitario de Galicia e teñan residencia en Galicia.

2. Os que cursen estudos nalgunha universidade do Sistema Universitario de Galicia e teñan residencia fóra de Galicia, estando neste grupo os galegos e descendentes de galegos.

3. Os que cursen estudos nalgunha universidade de fóra do Sistema Universitario de Galicia e teñan residencia en Galicia.

b) Poderán ser beneficiarios das prórrogas os estudantes galegos, descendentes de galegos, ou resi-